



A presenza dos Gambino no concello de A Estrada

José Manuel Bértolo Ballesteros

joberba4@hotmail.com

Resumo. O xenovés Jacobo Gambino, pai do famoso escultor José Gambino, asentouse na parroquia de Riobó (A Estrada) e logo en Arnois na primeira metade do século XVIII. Jacobo dirixiu as obras da fábrica de Papel da Barreira e o seu fillo esculpiu as imaxes da capela do Pazo de Oca, así como outras para Santeles e Guimarei. Pero foi sobre todo a través de Nicolás e Fernando, fillos de Jacobo, como o apelido Gambino se asentou no concello de A Estrada onde a súa descendencia, como se mostra neste artigo, continúa ata hoxe.

Abstract. Jacobo Gambino, from Genoa, father of the famous sculptor José Gambino, settled in Riobó parish (A Estrada) and later on in Arnois in the first half of the 18th century. Jacobo managed the works at the Barreira paper mill and his son sculptured the images in Pazo de Oca Chapel and also in Santeles and Guimarei. However, and as this article shows, it was because of his sons Nicolás and Fernando that the surname Gambino was consolidated in A Estrada city council, where his descendants continue today.

Jacobo Gambino e a fábrica de papel da Barreira (Arnois)

Jacobo Gambino, nacido sobre 1691 en Xénova (Italia), instalouse en Faramello¹, preto de Santiago de Compostela, en 1710 xunto co seu irmán Nicolás e o seu paisano Bartolomé Piombino para levantar a primeira fábrica de papel en Galicia, pois até entón importábase o papel de Italia e Francia. A explotación desta fábrica foi outorgada por Real Cédula o 6 de outubro de 1714 na que ademais se concedía o monopolio durante vinte anos para a fabricación de papel no reino de Galicia. As relacións de Jacobo e Bartolomé Piombino non sempre foron boas polo que no ano 1738 Jacobo pasou a traballar a Arnois.

1 A fábrica é denominada por Jacobo Gambino como a de Francos. Francos hoxe en día é una aldea próxima pero que daquela seguramente era de moita máis importancia, xa que no mapa *Theatrum Orbis Terrarum* de A.Ortelio (Amberes, 1603) é un dos poucos nomes que aparecen no mapa xunto con Santiago e Padrón. Por outra banda, a fábrica instalouse fóra do pobo, por iso nos libros sacramentais se di que eran “vecinos de la fábrica de papel”.

Sinatura de Jacobo Gambino

D. Andrés de Silva (Arnois, 1673-1757), dono da casa e torre de *Ribadulla dos Cabaleiros* en Arnois, recibiu as herdanzas do seu irmán Vicente, do seu tío o escribán Andrés de Nodar e do seu cuñado Andrés Jacinto Núñez Castrigo, polo que ao ser dono “*dun solar de casa contigua al Río de la Barreyra*” pensou instalar nestes terreos unha fábrica de papel. Aínda que coa oposición de Bartolomé Piombino, conseguiu a oportuna autorización e contratou en 1738 a Jacobo Gambino, que entón tiña 47 anos e continuaba traballando na fábrica de Francos (que en 1751 levaba Cristóbal José Bernequé), para facer unha fábrica semellante.

Baixo a dirección de Jacobo levantouse a fábrica tras uns dous anos continuos de traballo, a excepción de tres meses de inverno en cada ano, empregando diariamente a 40 oficiais de cachotaría. Fíxose unha fábrica con dúas rodas, oito pías e unha tina (a de Faramello en 1763 tiña 6 rodas e 22 pías). Comezou a fabricación de papel en 1741 coa axuda de dous oficiais traídos da fábrica de Francos, *Andrés Conde* natural de Dimo (Cordeiro) e *Domingo Rarís*. Jacobo, mestre principal, cobraba 4 reais diarios e os oficiais 3 reais. No primeiro ano fabricábanse 10 resmas diarias que vendían un pouco máis baratas que as de Faramello

“pero al no tener venta a causa de haberse privado la boletería de tabaco y el salario ser corto se marcharon los oficiales”.

Buscáronse entón dous homes do país: *Domingo do Porto* e *Benito Batallán* a quen se ensinou a fabricar papel e permaneceron durante un ano “*haciendo papel de estraza de marca mayor y menor y algunas resmas para escribir*”, cobrando un real e maila comida. Despois An-

drés de Silva contratou a dous aprendices, un chamado *Diego* e o outro coñecido por “*O ardilleiro*”, a quen se lles pagaba oito ducados ao ano ademais de comida e cama, sendo a produción máis reducida. Logo veu un fabricante francés e despediuse a Jacobo Gambino a quen xa só se lle pagaba 2,50 reais. O francés traballou durante un ano e logo ausentouse roubando ao amo e vendendo 60 resmas de papel na feira do Carballiño. Como quedara algún material amasado D. Andrés chamou a Jacobo Gambino para que o traballase e logo a partir de novembro de 1750 a fábrica quedou parada.

Xa sobre o ano 1747 D. Andrés de Silva vendo que a fábrica non daba rendemento,

“brindó al que declara (Jacobo Gambino) para que se la arrendase, que se la dejaría en 400 ducados cada año dándole fianzas suficientes, a lo que le dijo que si tuviera caudal le daría 200, a lo que don Andrés le respondió que si le daba las referidas fianzas le pondría en caudal, sin que despues hubiesen tratado más de la materia...” (Real Audiencia de A Coruña.14606/7).

Logo Jacobo, que vivía coa súa muller en San Martiño de Riobó, trala morte desta no ano 1755 marchou a vivir cos seus fillos a Arnois, onde foi de padriño da súa neta Jacoba en setembro de 1762.

José Gambino, escultor, e a súa obra en terras estradenses

José Gambino, o fillo de Jacobo, é segundo a investigadora compostelá Marica López Calderón,

“uno de los mejores escultores con que ha contado la plástica gallega de todos los tiempos. Supo combinar el dominio de una magnífica técnica con la capacidad de una fructífera invención”.

De *José Gambino*, nacido en 1719 “*na fábrica de papel*” segundo a partida de bautismo, non sabemos nada del ata que casa en 1741 na parroquia compostelá de San Xoán Apóstolo con María de Lens, irmá do entallador Francisco de Lens, e se establece en Santiago na rúa Costa Nova onde monta o seu taller.

Ao parecer formouse primeiro nun taller de Santiago e logo en Portugal, pero só temos datos documentados sobre a súa actividade a partir de 1747 cando traballaba para a catedral de Santiago e pouco despois cando se lle encarga todo o *conxunto escultórico da*

capela do Pazo de Oca, propiedade de D. Fernando Gaioso Arias, conde de Amarante.

Foi o 11 de xuño de 1750 cando José Gambino contratou con D. Fernando Cancela Varela e Mariño, este con poder de don Fernando Gayoso, a feitura das imaxes para a capela de San Antonio de Padua do pazo de Oca polo prezo de 2.665 reais. José Gambino acometería a totalidade do labor escultórico da capela, é dicir, 35 figuras de santos, entre as cales, ademais das imaxes de vulto redondo, se atopaban tamén os relevos dos retablos maior e colaterais. De acordo con dito contrato no camarín do medio habíase de colocar a *imaxe de San Antonio* e tamén se di que “*en el segundo cuerpo de arriba ha de llevar un Santísimo Christo y dos historias de ánimas*”, que son as que se atopan no altar do lado do evanxeo. No mesmo acto se lle encargaron a Luís Parceró a construción dos retablos, que debían ser de boa madeira de castaño e de acordo coas instrucións que se lle daban, recibindo polos mesmos 8.731 reais.

Porén, entre esculturas e relevos hai un total de trinta e oito imaxes en vez de trinta e cinco conforme o que se especificaba no contrato, polo que hai diversas opinións sobre a verdadeira obra de José Gambino. Opina a experta Milagros Álvaro –opinión que nós apoiamos– que algunhas imaxes, sobre todo os relevos, son obras do taller e non del, e que a imaxe de San Antonio, de grandes proporcións e que ten a seus pés dous anxiños, é foránea, seguramente italiana, mentres que Marica López cre que todas as esculturas saíron das mans de José Gambino.

O san Antonio distínguese das imaxes de Gambino en moitos aspectos. A súa postura inclinada e en escorzo polo que se abre un diálogo co neno Xesús e non co espectador –Gambino presenta posturas máis clasicistas–, os pregues amplos do seu traxe talar e sen grecas ou outros adornos dourados que vemos en todos os hábitos das demais imaxes da capela, a valoración das veas nas mans, e mesmo o seu tamaño que excede con moito os hábitos gambinianos, fan pensar unha autoría allea e non de Gambino. Ademais sería moi raro que, despois de conseguir unha imaxe tan perfecta e de tanta sona, non fixera algunha outra imaxe de san Antonio semellante, e sen embargo vemos que as imaxes que fixo de san Antonio por

exemplo para o convento de Herbón, para o do Carme en Padrón ou para a capela de Mondragón na catedral compostelá ningunha ten o máis mínimo parecido co da capela de Oca.

O *retablo maior* está presidido, pois, por *san Antonio de Padua*, patrón da capela, a cuxa advocación María de Neira, a fundadora do morgado de Oca, instituíra a finais do século XVI un oratorio previo á capela.

Nas fornelas laterais están dun lado *san Francisco de Paula* e sobre el *san Francisco de Asís* mentres que doutro lado vemos a *santa Teresa de Xesús* e a *santo Domingo de Guzmán*. *San Francisco de Paula* é representado como una persoa moi vella, pois morreu nonaxenariano, vestido co hábito da orde, con sandalias e un báculo na man. *San Francisco de Asís* tamén viste o hábito da súa orde –de cor gris como era entón habitual– e mira cara á súa man que porta unha cruz.

Da outra banda está na fornela inferior a imaxe de *santa Teresa de Xesús*, da orde das carmelitas descalzas. Como foi escritora ten sobre a súa cabeza unha pomba, representación do Espírito Santo que a inspiraba, e na man dereita unha pluma e na esquerda un libro.

Na fornela superior, *santo Domingo de Guzmán* con hábito da orde ten un libro nunha man e un báculo rematado en cruz flordelisada, emblema da súa Orde, e a seus pés, un can cunha vela acesa na boca.

Na parte superior do retablo hai tres fornelas. A central acolle unha imaxe da *Inmaculada Concepción*, vestida de branco e azul, cunha coroa de doce estrelas sobre a cabeza e pisando cos seus pés a cabeza dunha serpe a carón dunha media lúa coas puntas cara riba.



Retablo maior.



Retablo do Evanxeo.

E nas fornelas laterais están as imaxes de *san Sebastián*, tras-pasado nas súas carnes por unhas frechas, e a de *san Roque* con traxe de peregrino e ensinando unha chaga por riba do xeonllo (e ao contrario do que é habitual, sen can).

Presidindo o conxunto hai un relevo coa imaxe de *Deus Pai* e baixo as fornelas superiores uns relevos, no centro un santo monxe, quizais se trata de *san Bernardo de Claraval* e aos lados outros dous santos, o da esquerda *san Pablo* cun libro e unha espada e o da dereita *san Pedro* cunhas chaves na man.

E na parte inferior, a carón do sagrario, ao lado dereito un relevo de *san Bieito* co seu libro e

báculo, e do lado esquerdo *san Brais*, vestido de bispo levándose a man á gorxa en recordo do rapaz que salvou cando tiña unha espiña cravada na gorxa.

Finalmente, hai que mencionar tres pequenas imaxes das virtudes teoloxais, dispostas en torno ao Sagrario: *Fe*, *Esperanza* e *Caridade*, representadas cos seus atributos usuais, a Fe cun cáliz, a Esperanza cunha áncora e a Caridade cun neno.

O *retablo lateral do Evanxeo* leva presidindo o conxunto un relevo de *Santiago Apóstolo*, no corpo superior *un Santísimo Cristo* e unhas *ánimas do purgatorio* a cada lado, mentres que nas tres fornelas do corpo principal puxéronse as imaxes de *María Dolorosa*, na fornela central, e a *Magdalena* e *san Xoán*, nas laterais.

O *Cristo* ofrece novidades respecto ao que se facía ata entón en Compostela, como é que os brazos se elevan para dar sensación de que está pendurado, o pano que lle tapa está anoado sen corda do

lado dereito e colgando sobre o lado esquerdo, e o cabelo, tratado de xeito asimétrico, servíndolle de apoio no lado dereito mentres que doutro lado está recollido cara atrás permitindo ver a súa orella.

Debaixo destas imaxes aparecen varios relevos representando a *Virxe do Carme* e dous xesuítas a cada lado, un, o seu fundador *san Ignacio de Loyola* con sotana negra e manteo e portando na súa man esquerda o Libro da Regra, e o outro quizais sexa *san Lois Gonzaga*, a quen lle faltan os atributos usuais.

A *virxe do Carme* é unha talla bastante imperfecta, polo que cremos que está feita por un membro do taller.

O *retablo da Epístola* está dedicado ao mercedario *san Ramón Nonato*², co hábito branco propio da súa orde e sombreiro e muceta púrpuras por ser cardeal, coa custodia do Santísimo Sacramento na man dereita e a palma de martirio con dúas coroas na esquerda.

A seu lado está a imaxe de *san Xosé* cunha vara de flores, acompañado do neno Xesús camiñando a seu carón, e ao outro lado na fornela esquerda a imaxe de *san Fernando*, rei de Castela e León, con vestiduras rexias e cunha espada nunha man e a esfera do mundo baixo una cruz na outra.

Na parte superior preside o retablo desde a fornela central a imaxe do apóstolo das Indias, o xesuíta *san Francisco Xabier*, cun libro aberto na man esquerda e unha palma de martirio na outra.



Retablo da Epístola.

2 No pazo consérvase un relicario cun óso de San Ramón, avogoso das parturientes.

Cúmprese así en parte o desexo testamentario de don Andrés Gayoso –o pai de don Fernando– de colocar no retablo principal

“al patriarca san José con el niño, san Joaquín y santa Ana y los que en de ellos se pueden acomodar excepto san Javier, que es mi intención colocarlo en un lateral al lado de la epístola. Y en otro al del evangelio a Nuestra Señora de la Soledad...”.

A ambos lados áchanse os relevos do arcanxo *san Miguel* e do *Anxo Custodio*, e presidindo o conxunto a imaxe de *san Andrés* coa súa cruz en forma de X e un libro na outra.

Baixo o conxunto hai outros tres relevos que representan a *santa Bárbara*, na parte central, cunha palma de martirio na man e a seu carón unha torre, e a ambos lados *santa Lucía* que ademais da palma leva nun prato os seus ollos, e *santa Catarina* que porta a espada con que foi degolada e ten a seus pés a cabeza do emperador Maxencio.

Todo este conxunto danos idea dos santos obxecto de devoción a mediados do século XVIII polo menos entre a xente nobre do momento.

Pouco despois de rematar a súa intervención en Oca e trala morte do dono do pazo don Fernando Gaioso, José Gambino acudiu a finais de 1751 a Oca como perito para avaliar o valor dos obxectos artísticos do pazo, pero lamentablemente –sería unha ocasión única para saber o seu xuízo sobre a propia obra– non se valoraron estas esculturas por pertencer á capela de san Antonio e non ao conde de Amarante.

Ademais da obra de Oca, José Gambino tallou para a parroquia estradense de *San Xoán de Santeles* unha *Virxe do Rosario* con amplos pregues no seu manto e co neno Xesús mirando para o espectador, como é común en moitas das súas obras. Lamentablemente a pintura última que se lle engadiu non deixa ver a graza e dozura do seu rostro. Esta imaxe é semellante á *Virxe do Rosario* situada no coro alto do convento de Santa María de Belvís.

E na parroquia de *San Xiao de Guimarei* podemos apreciar un *Ecce Homo*, datado en 1760 segundo vemos no libro de fábrica desta parroquia³:

3 LÓPEZ CALDERÓN, M. *Lenguaje, estilo y modo en la escultura de Francisco de Moure y José Gambino*, edit. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 2009. Neste artigo tamén se fai una descrición haxiográfica pormenorizada das imaxes dos retablos de Oca, da que somos debedores.



Virxe do Rosario.



Ecce homo.

“Mas quinientos treinta y dos reales que costó una imagen del SSmo Ecce Homo; en esta forma: quinientos y veinte que llevó Joseph Gambino escultor vezino de la ciudad de Santiago y doze que se le dieron al portador que la trajo”.

Polo que se o comparamos co que se pagou pola súa obra en Oca, vemos que agora estaba moi ben recoñecido o seu labor.

O *Ecce homo* presenta un xesto melancólico, máis que doloroso, e mostra un corpo elegante e perfectamente formado, un tanto idealista e con pose clásica propio das obras de Gambino desta época.

Descendencia de Jacobo Gambino

A nosa atención ímola centrar na descendencia de Jacobo Gambino que se asentou ou veu vivir ao concello de A Estrada.

Jacobo Gambino, nacido sobre 1691 en Xénova (Italia), instalouse, como xa dixemos, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar xunto co seu irmán Nicolás e o seu paisano Bartolomé Piombino

para levantar a primeira fábrica de papel de Galicia. Alí casou con *María Domínguez*, onde tiveron aos seus fillos.

En 1739 asentáronse en San Martiño de Riobó onde morreu María o 25 de xaneiro de 1755 e entón Jacobo marchou a vivir co seu fillo Nicolás ao lugar de A Granxa en Arnois. En setembro de 1762 foi padriño da súa neta Jacoba, sendo esta a última noticia que temos del, pois non consta a súa defunción na parroquia por non haber partidas de defuntos nesa década.

Tiveron varios fillos chamados *José*, *Nicolás*, *María Manuela* e *Fernando Gambino*:

- I. *José Gambino Domínguez*, foi bautizado o 19 de maio de 1719 na parroquia de Ribasar, tendo por padriños a Bartolomé Piombino e a Beatriz Mariño, “*vecinos todos de la fábrica de papel*”. Casou con *María de Lens López*, filla de Plácido e Juana, o 28 de setembro de 1741, na parroquia compostelá de San Xoán Apóstolo. María era irmá de Francisco Lens, especialista en retablos de igrexa, que colaboraba a miúdo con José Gambino.

María Lens morreu o 20 de xaneiro de 1775 e José o 25 de agosto do mesmo ano e foi sepultado dentro da igrexa de San Xoán. Non outorgou testamento.

Tivo oito fillos que foron bautizados na súa parroquia de San Xoán:

1. *Fermína Francisca*, bautizada o 7 de xullo de 1742. Con tan só 16 anos casou co escultor *José Ferreiro*⁴, o principal e máis coñecido discípulo de Gambino. Tiveron dúas fillas: *M^a Josefa Marta* (30/7/1761) e *Manuela Marina* (5/8/1763).
2. *Manuel Vicente* bautizado o 16 de setembro de 1744.
3. *María Nicolasa*, bautizada o 14 de agosto de 1746, casou co escultor *Antonio Pernas*.
4. *Tomás Plácido*, bautizado ca. 1748. Escultor como seu pai, casou o 3 de agosto de 1767 en Santa M^a do Camiño con *M^a Benita Díaz Fariña*, filla de Silvestre e María. Traballou en Ferrol, onde foi vivir e continuou a saga dos Gambino. Os

4 José Ferreiro é o autor do retablo de San Miguel de Castro. Nos laterais hai un relevo de Jesús con María, cuxa fisionomía se corresponde coa do autor.

seus fillos foron bautizados na parroquia de San Xoán: *Francisca Juana del Carmen, Juan Antonio, Rafael Francisco María, José Fermín e María Juana.*

Precisamente unha filla ferrolá de *José Fermín Gambino Díaz* e da súa muller *Isabel Buenhombre* (ou *Benhombre/Bonome*), chamada *Basilia Gambino Buenhombre* e que casou con *Martín Moure Landeira*, viviu en Sta. Madalena de Ponteulla e logo de viúva pasou os seus últimos anos na parroquia estradense de San Miguel de Castro co seu fillo *Basilio Moure Gambino*, que se ordenou de clérigo en 1855 e de presbítero en 1861 e estivo de párroco en San Miguel de Castro e de Cira desde 1868. *Basilia* morreu en San Miguel de Castro o 30 de maio de 1870 aos 58 anos e *Basilio*, que tiña bens diversos no lugar de Caldelas (Ponteulla), faleceu o 13 de novembro de 1895 aos 59 anos, tendo outorgado testamento ante Antonio Mareque escribán de Ponteulla e veciño de Boqueixón. Outra filla de *Basilia* e *Martín* foi *Placeres Moure Gambino*, que viúva de *Juan Batallán Tallón* tamén foi enterrada en S. Miguel de Castro aos 63 anos o 2 de xuño de 1896, tendo outorgado testamento ante Antonio Mareque. Deixou catro fillos: *Jesús, Manuel, José e Isolino Batallán Moure.*

5. *Plácido Benito Antonio*, recibiu o bautismo en 1751.
6. *Juana Benita Antonia*, bautizada o 14 de xuño de 1753, casou co pintor *Juan Calvelo*. Viviron en Santiago na Costa Nova. Os seus fillos bautizados na parroquia de San Xoán foron *José María, Fermina Josefa Toribia, M^a Josefa Fermina e M^a Isabel.*
7. *Florencio Severo*, bautizado o 8 de novembro de 1755. Foi escultor como seu pai.
8. *Manuel Fructuoso*, recibiu as augas bautismais o 2 de xaneiro de 1758.

II. *Nicolás Gambino Domínguez* nacido o 18 de xaneiro de 1721 e bautizado na parroquia de Ribasar ao día seguinte tivo por padriños a seu tío *Nicolás Gambino* e a *María Fernández*. Celebrou os esponsais con *Rosa Nicos* e viviron en Mouzón (preto de A Veiga) en Arnois.

Nicolás foi nomeado en 1759 como experto en ferraxe, mentres que o seu irmán José o era en escultura e pintura, para avaliar os bens que o conde de Amarante don Fernando Gaioso deixaba no pazo de Oca. En 1768 era mordomo da confraría de San Antonio da parroquia de Arnois. Rosa morreu o 20 de xullo de 1772. Foron os proxenitores de:

1. *Josefa Fructuosa*, que naceu o 21 de febreiro de 1758 e faleceu de nena.
2. *Julián*, que naceu o 6 de setembro de 1760 tendo por padriño a seu avó Jacobo e morreu de neno.
3. *Fernando Gambino Nicos* (que segue)

*Fernando Gambino Nicos*⁵ veu a este mundo o 5 de outubro de 1755 en Arnois, onde celebrou o seu matrimonio con *Francisca García Barcala*, filla de Rosendo e María. Fernando outorgou testamento o 21 de setembro de 1816 ante Francisco de Oca e finou o 9 de setembro de 1820, mentres que Francisca fixo testamento ante Mariano Paseiro e morreu o 14 de maio de 1827. Tiveron doce fillos, entre os cales:

1. *Ángel Ramón Anastasio Gambino García*, recibiu as augas bautismais o 9 de febreiro de 1778 e chegou a sarxento do Rexemento Provincial de Santiago. Seu pai deixoulle no testamento a casa na que vivían. Casou con *Juana Vázquez Porto*, filla de Ramón e María, natural de Santa María de Chaián (Trazo. A Coruña), que outorgou testamento ante Ángel Montero e o seu óbito tivo lugar en Arnois o 21 de xaneiro de 1871. Tiveron dez fillos, dos que destacamos a:
 - A. *Francisco María Gambino Vázquez*, bautizado o 16 de outubro de 1817 casou con *María Quindimil Gómez*. María morreu o 29 de maio de 1849 e Francisco o 18 de novembro de 1889. Tiveron catro fillos, entre eles a:

5 Para unha mellor comprensión e claridade, elimináronse moitos dos descendentes cuxa liña non chegaba ata hoxe. Por outra parte facilitáanse ao final uns esquemas ou árbores xenealóxicas para unha fácil comprensión. Sen dúbida hai máis descendentes, pero os interesados poderán completar a árbore xenealóxica coa axuda desta exposición.

- Juana Gambino Quindimil*, bautizada o 6 de xuño de 1843 e que casou con *Manuel Peiteado Lagos*, sendo veciños da Cacharela e pais de:
- a. *Carmen Peiteado Gambino* (13/4/1872 a 2/6/1949). Casou con *José Couto Fernández*, e viviron en Ribadulla sendo pais de *Manuel*, *Dolores*, *José*, *Ricardo* (10/11/1905, casou en Riobó con *Amparo Souto*), *Concepción* (20/9/1907) e *María*.
 - b. *Manuel José María Peiteado Gambino*, (19/6/1877 a 12/12/1958). Casou con *Carmen Pazos Bascuas* e foron pais de *Ramón*, *Ramiro*, *Juana* e *José Peiteado Pazos*.
 - c. *Manuela Peiteado Gambino* (14/1/79 a 8/9/1953). Casou con *Bonifacio Pazos Pazos*. Foron veciños de *Riamonde* e pais de *Constantino*, *Manuel*, *Carmen*, *Luis*, *Amelia* e *Isaura Pazos Peiteado*.
 - d. *María Peregrina Peiteado Gambino*, nacida o 3 de decembro de 1880, faleceu o 1 de setembro de 1957. Casou con *Manuel Pazos Silva*, veciño de *Bruñido* e foron pais de *Bonifacio*, *Aurora* e *Manuela Pazos Peiteado*.
 - e. *José María Peiteado Gambino*, nacido o 14 de decembro de 1882, casou con *Mercedes Canicova Álvarez* e foron pais de *Cándido Peiteado* (22/4/1907, casou en Remesar con *M^a Socorro Tato*) e *Esther Peiteado* (7/5/1914, casou con *Modesto Iglesias Peiteado*). Veciño de *Igrexario*, *José María* finou o 16 de abril de 1957.
- B. *Juan Gambino Vázquez*, nacido o 27 de abril de 1822, uniuse en matrimonio con *Vicenta Goris Villaseca*. *Juan* morreu sen testamento no lugar de *A Granxa* o 27 de xaneiro de 1892. Foron os proxenitores de sete fillos, entre eles de:
- Manuel Gambino Goris*, nacido o 20 de maio de 1866, casou o 19 de novembro de 1892 con *Ramona Baltar Fuentes*, nacida o 25 de outubro de 1865, filla de *Ramón B. Torres* e de *Andrea F. Mesía*, veciños de *Arnois*. Vivían no lugar de *A Veiga* e foron os pais de:
1. *José María Gambino Baltar*, nacido o 27 de outubro de 1896, casou o 7 de maio de 1924 con *Carmen Bugallo Reimóndez*, natural do lugar de *Alberguería* en *San Miguel de Castro*, filla de *José M^a Bugallo Novoa* e de *Josefa R. Lagos*. Foron pais de:

- a. *José Gambino Bugallo*, nacido o 15 de xullo de 1937, casou en Caracas o 28 de setembro de 1963 con *Concepción Chorén Datas*.
- b. *Antonio Gambino Bugallo*, nacido o 25 de decembro de 1945, casou con *Carmen Gambino Pazos*, filla de Manuel Gambino Abelleiro e María Pazos Fernández.
2. *M^a Esclavitud Gambino Baltar*, nacida 26 de maio de 1906, casou o 13 de outubro de 1933 con *Juan Lourido Blanco*, nacido o 8 de marzo de 1897, fillo de Manuel L. Abeijón e de Petra Blanco, naturais de Noia. Foron pais de *María Lourido Gambino*, nacida o 11 de febreiro de 1936, morrendo de nena, e de *Antonio Lourido Gambino*, nacido en 1939 e actualmente veciño de Arnois.
- C. *Manuel Gambino Vázquez*, que casou con *Manuela Pazos Villar*, filla de Ramón e de María. Faleceu o 26 de decembro de 1913 aos oitenta anos. Veciños de A Granxa e pais de catro fillos, entre eles de:
- Andrés Gambino Pazos*, nacido o 15/1/1873, casou o 8 de xaneiro de 1899 con *Filomena Peiteado Fernández*, filla de Ramón Peiteado Lagos e de Carmen. Foron pais de cinco fillos, pero dous morreron aos poucos días polo que os seus nomes, Carmen e Aurora, foron retomados polas súas novas irmás:
1. *Carmen Gambino Peiteado*, bautizada o 7 de outubro de 1901, casou o 7 de abril de 1923 con *José Maceira Fernández*, fillo de Manuel M. Canicova e de Peregrina F. Rodríguez. Tiveron por filla a *Isabel Maceira Gambino*.
2. *Aurora Gambino Peiteado*, nacida o 19 de febreiro de 1905, casou o 17 de agosto de 1929 con *Antonio Rodríguez Vilela*, natural de Gres (Carbia), fillo de Benigno R. Orosa e de Soledad V. López. Foron pais de:
- a. *M^a Dolores Rodríguez Gambino*, nacida o 22 de abril de 1932, casou o 16 de febreiro de 1955 con *Arturo Torres Peiteado*.
- b. *Isaura Rodríguez Gambino*, casou o 7 de xaneiro de 1951 con *Manuel Picón Torre*, natural de Ribadulla (Vedra), fillo de Ramón Picón Fernández e de Dolores Torre de la Torre.
3. *M^a Isabel Gambino Peiteado*, nacida o 4 de outubro de 1912, casou o 3 de febreiro de 1940 con *Roberto Collazo Pazos* e faleceu o 9 de marzo de 1967.

D. *Pedro Gambino Vázquez*, bautizado o 19 de febreiro de 1837 e que se uniu en matrimonio con *Juana de la Iglesia*, procedente da Inclusa de Santiago. Pedro faleceu no lugar de Carballeira o 6 de setembro de 1907. Pais de cinco fillos, entre eles de:

Maximino Gambino de la Iglesia, nacido o 21 de setembro de 1875, e casado con *Pilar Torres González*, fillo de Juan Torres Rodríguez e de Antonia González Chas, natural de San Andrés de Illobre, A Coruña, morreu o 29 de xaneiro de 1944. Vivían en Golmados e foron pais de:

1. *Eduardo Gambino Torres* naceu o 3-11-1900. Casou en Bos Aires o 20 de xullo de 1932 con *Generosa Armiñán* bautizada en San Martín de Oudez (Asturias) e faleceu en Bos Aires o 27 de xuño de 1962.
2. *Manuel Gambino Torres* naceu o 10 de xuño de 1905 e faleceu o 11 de xaneiro de 1941. Casou en Arnois o 12 de xuño de 1933 con *Dolores Neira Nogueira*, nacida o 29 de maio de 1906, natural de Berres e filla de José Neira Neira e de Manuela Nogueira Pereiras. Deixaron unha filla:
Hortensia Gambino Neira que nacida o 28 de abril de 1934 casou o 24 de febreiro de 1951 en Berres con *Elias Espiño Barros*, nacido o 17 de xullo de 1930, fillo de Manuel Espiño Gañete e de Consuelo Barros Figueiras. Veciños de A Mouteira (Berres) tiveron varios fillos nados entre 1954 e 1967:
 - *María Esther Espiño Gambino*, casada con Fernando Frey Figueiras, veciños de Arnois e pais de Joaquín.
 - *M^a del Carmen E.*, casada con Jesús Barco Santos, con descendencia.
 - *Manuel Espiño Gambino*, casado con M^a del Mar Rendo Caldelas,
 - *Celia Espiño* casada con Ramón Gañete Villar, pais de Eva e Karina.
 - *Fernando Espiño Gambino*, casado o 29 de agosto de 1998 con Isabel Iglesias Liste.
3. *Claudina Gambino Torres*, naceu o 6 de abril de 1910 e casou o 24 de marzo de 1928 con *Eusebio Rubial Gómez*, fillo de Manuel R. Collazo e de Josefa G. Bernárdez, veciños de Berres.

4. *Dolores Gambino Torres*, nacida no lugar de A Granxa o 30 de xuño de 1911, faleceu en Vigo o 27 de febreiro de 1989. Casou o 23 de xullo de 1932 con *Benigno López Núñez*, fillo de Bernardo López Pujol e de Josefa, naturais de A Mota (Guntfín). Tiveron por fillos a *José López Gambino*, nacido en Arnois o 5 de marzo de 1937 e que casado faleceu o 26 de decembro de 2007, e a *Domingo López Gambino*, que actualmente, viúvo, é pai de M^ª Dolores López Ramos.
5. *Maximino Elisardo Gambino Torres*, nacido o 9 de xaneiro de 1917.
6. (*Pilar*) *Serafina Gambino Torres* nacida o 11 de marzo de 1925 (a nai tiña entón 44 anos). Casou en Arnois o 12 de marzo de 1945 con *Juan Pereiras Torres*, fillo de Manuel Pereiras Denis e de Avelina Torres González.
- E. *Pilar Gambino Vázquez*, nacida en 1838 e que casou con *Bernardo Caramés Cortizo*, natural de Ribela. Pilar faleceu o 31 de marzo de 1894 e foron os pais de *María* (28/11/1873), *Manuel* e *Dolores Caramés Gambino*.

Outros fillos de Fernando Gambino Nicos e de Francisca García Barcala foron:

2. *Andrés Antonio María Gambino García*, bautizado o 30 de agosto de 1787. Debeu morrer sobre 1826-7 pois segundo o párroco o mandato da súa nai dicía que “*si venía la herencia de su hijo Andrés, se dijeran otras tantas misas rezadas*”.
3. *José Ramón Gambino García*, bautizado o 27 de abril de 1796. Casou con *Francisca de Lagos* o 7 de xuño de 1813 e foron veciños de A Veiga. Tiña ao seu coidado unha nena da Inclusa de Santiago, chamada Ramona, que faleceu o 20 de setembro de 1818. José outorgou testamento o 10 de setembro de 1826 ante Francisco de Oca e morreu o día 18. Deixaba catro fillos menores de nove anos, entre eles a:
Andrés Gambino Lagos, bautizado o 18 de marzo de 1823, faleceu de pulmonía o 9 de marzo de 1885. Casado con *Dominga Blanco Rey*, tivo sete fillos sendo o benxamín:
Manuel Gambino Blanco, que casou con *María Peiteado Fernández*, filla de Ramón P. Lagos e de Carmen F. Couto. Vivían en A Veiga e tiveron a:

- a. *Mercedes Gambino Peiteado*, nacida o 9 de agosto de 1903.
- b. *M^a del Carmen Gambino Peiteado*, nacida o 7 de febreiro de 1906 faleceu o 1 de abril de 1925.
- c. *Avelina Gambino Peiteado*, nacida o 27 de setembro de 1912.
- d. *Bonifacio Gambino Peiteado*, nacido o 16 de xullo de 1915, casou o 7 de xaneiro de 1943 con *Clotilde Fandiño Rey*, natural de San Tomé de Ancorados, filla de Manuel F. Barreiro e de Concepción R. Louzao, natural de Ribadulla (Vedra), e foron pais de:
- *Fernando Gambino Fandiño*, casado con Luz Penas dos Santos, tiveron a *Monserrat* e *Oscar Gambino Penas*.
 - *M^a Elisa Gambino Fandiño*, nacida o 21 de setembro de 1956, casou o 30 de xullo de 1977 con *Ismael Iglesias Ribeira*, nacido o 13 de xullo de 1953. Foron pais de *Marcos* (14/1/1978), *Yolanda* (2/9/1981) e *David Iglesias Gambino* (25/4/83).
 - *M^a Teresa Gambino Fandiño*, nacida o 26 de setembro de 1948, casou o 12 de marzo de 1967 con *Antonio Sousa da Rocha*, nacido o 13 de decembro de 1945. Foron pais de *Carlos*, *Patricia* e *M^a Isabel Gambino da Rocha*.
 - *Carlos Gambino Fandiño*, nacido o 29 de xaneiro de 1947, casou con *Digna Loureiro Couceiro*. Os seus fillos son: *Javier*, *Víctor* e *José Antonio Gambino Loureiro*.
 - *José Daniel Gambino Fandiño*, nacido o 12 de marzo de 1944. Casou con *M^a del Rosario Sierra Rodríguez*, e xeraron a *José Luís*, *Cristina* e *Oscar Gambino Sierra*.
- e. *Ramón Gambino Peiteado*, 31/1/1919 a 8/4/1962.
- f. *José Gambino Peiteado*, nacido o 16 de abril de 1921 casou con *Carmen Neira Arteaga*, natural de Ponteledesma (Boqueixón), filla de Jesús N. Cao e de Rosa A. Otero. Pais de *Jesusa Rosa Gambino Neira*, nacida o 26 de outubro de 1948, e de *M^a de la Paz Gloria Gambino Neira*, nacida o 9 de febreiro de 1950.
- g. *M^a Flora Gambino Peiteado*, nacida o 19 de maio de 1923, casou con *José Fernández García*. Finou *M^a Flora* o 27 de novembro de 1993. Foron pais de *Manuel Fernández Gambino*, nacido o 28 de xuño de 1953.

4. *Manuel Gambino García*, nacido sobre 1790, casou o 10 de agosto de 1812 con *Teresa de Lagos Feal*, filla de Gabriel e María. Teresa faleceu viúva o 7 de agosto de 1837. Foron os pais de nov e fillos, entre eles de:

Ramón María Gambino de Lagos, nacido o 16 de outubro de 1818, casou con *Dolores Couto Rey* e eran veciños de Veiga. Ramón outorgou testamento ante Antonio María Mareque e faleceu o 15 de xuño de 1886. Tiveron por fillos a:

Manuela Gambino Couto, nacida o 2 de xullo de 1877. Casou o 26 de agosto de 1914 con *Manuel Vázquez Rodríguez*, fillo de Francisco e María, veciño de Donas (Boqueixón). Vivían no lugar de A Veiga onde morreu Manuela o 18 de novembro de 1931. Foron pais de *Carmen* (11/2/1917) e *Jaime Vázquez Gambino*.

5. *Antonio Gambino García*, casou con *Teresa Reimóndez Louzao*, filla de José e M^a Antonia. Viviron en San Miguel de Castro, pero Antonio morreu fóra de Galicia onde levaba xa tempo, e Teresa faleceu viúva o 28 de abril de 1852, tendo feito testamento ante testemuñas. Tiveron por fillos entre outros a:

José Gambino Reimóndez, nacido o 18 de agosto de 1819. Casou o 5 de xaneiro de 1853 con *Juana Portas Sobredo*, filla de Ambrosio natural de Cequeril (Cuntis) e de Josefa, da parroquia de Santa Susana en Santiago. José faleceu o 12 de febreiro de 1889. Foron veciños do lugar de Igrexa na parroquia de Castro e pais de:

1. *Josefa Gambino Portas*, bautizada o 8 de xaneiro de 1853, casou con *Ángel Gómez Ramas*. Foron pais de *José María Gómez Gambino*, que naceu o 22 de novembro de 1889.
2. *José M^a Gambino Portas*, nacido o 19 de xullo de 1854, casou o 16 de novembro de 1891 con *María Abelleiro Gendre*, filla de Andrés e Francisca, veciña de San Xurxo de Veá. Foron pais de 12 fillos entre eles:
 - a. *Carmen Gambino Abelleiro*, nacida o 4 de agosto de 1901 e falecida o 21 de marzo de 1989. Casou con *Ramón Couto* e tiveron a M^a *Juana Couto Gambino*.
 - b. *Cándida Avelina Gambino Abelleiro*, nacida o 1 de setembro de 1908, faleceu o 4 de febreiro de 1953. Casou o 7 de xullo de 1932 con *Ángel Beleiro Cacho*, natural de Sueiro (Boqueixón)

fillo de Andrés e Ramona. Foron veciños de Prado e pais de: *Ramón, Dolores, Ángel, Matilde, Manuel, María del Carmen e José Beleiro Gambino*.

- c. *Marcelina Gambino Abelleiro*, nacida o 1 de marzo de 1913. Casou o 13 de xaneiro de 1940 con *Juan Maía Pérez*, fillo de *María*.
 - d. *Manuel Ramón Gambino Abelleiro*, nacido o 3 de abril de 1915 e faleceu o 14 de febreiro de 2001. Casou o 7 de xaneiro de 1942 con *María Pazos Fernández*, e foron veciños de Moimenta onde naceron os seus fillos.
3. *Dolores Gambino Portas*, que naceu o 7 de abril de 1866 e casou o 24 de outubro de 1891 con *José Pereiras*. Dolores faleceu o 12 de marzo de 1949, deixando tres fillos: *Ramón, José e Carmen Pereiras Gambino*, que naceu o 14 de xullo de 1894 e faleceu solteira en Castro o 25 de decembro de 1975.
 4. *Marcelino Gambino Portas*, veciño de A Cova, bautizado o 9 de agosto de 1869 e que casou con *María Puente*, filla de M^a Juana Puente. Pais de:
 - a. *Manuel Gambino Puente*, de 26/1/1898 a maio de 1919.
 - b. M^a *Isabel Julia Gambino Puente*, nacida en Caracas o 1 de agosto de 1907, faleceu en A Cova o 20 de febreiro de 1998. Casou con *Eduardo de la Torre González*. Pais de *Carmen Flora de la Torre Gambino*, nacida en 1929 e que casou o 24 de maio de 1952 con José M^a Matos Estecha, veciño de Oca e natural de La Habana.
 - c. *Carmen María Gambino Puente*, naceu en Arnois o 20/5/1914 e finou en Caracas o 9/5/1967. Casou o 24 de outubro de 1934 con *Manuel Batallán Rodríguez*, fillo de José e María.

III. *María Manuela Gambino Domínguez*. Esta filla de Jacobo Gambino naceu o 21 de febreiro de 1728.

IV. *Fernando Gambino Domínguez*, o fillo máis novo de Jacobo Gambino, naceu o 4 de maio de 1729 tendo por padriño a Fernando Domínguez, “*veciño da fábrica de papel*”, e casou en 1755 con *María Nicos*, filla de Alonso e de Rosa Novoa de Araújo veciños do lugar de A Granxa en Arnois. En 1669 era mordomo da

confraría de San Antonio en Arnois da que formaba parte aínda en 1772. María morreu o 10 de novembro de 1804. Foron os proxenitores de:

1. *Francisca Gambino Nicos*, bautizada o 21 de novembro de 1756.
2. *Jacoba Gambino Nicos*, bautizada o 27 de setembro de 1762 pero morreu de nena. O padriño foi o seu avó Jacobo Gambino.
3. *Francisco Gambino Nicos*, bautizado o 20 de decembro de 1759, casou en 1784 con *María Gómez Framil*, filla de Andrés e de María actuando como testemuñas Fernando Gambino e Andrés de Silva o menor. Veciños de Veiga, Francisco outorgou testamento o 2 de febreiro de 1823 ante o escribán Francisco de Oca e faleceu o 22 de novembro de 1826. Os seus fillos:
 - A. *Ramón José Gambino Gómez*, bautizado o 16 de xaneiro de 1787. A súa madriña foi M^a Bernarda Morales Sequeiros, da casa de Silva en Arnois. Morreu novo.
 - B. *María Gambino Gómez*, bautizada o 22 de setembro de 1790 e morreu o 19 de outubro de 1793.
 - C. *Manuela Josefa Gambino Gómez*, bautizada o 31 de marzo de 1793 e que casou con *Manuel Maceira*, quen fixo testamento ante Ángel Montero e faleceu o 9 de xaneiro de 1868.
 - D. *Juan Gambino Gómez*, bautizado o 11 de outubro de 1799 e que casou con *Manuela Gómez Otero*, filla de Ventura e Josefa, veciños de Oca. Deixou as súas últimas vontades ante o escribán Francisco de Oca o 11 de marzo de 1849, e logo ante Jerónimo Javier Silva morrendo o 18 de marzo de 1875. Os seus fillos:
 - a. *María Gambino Gómez*, casou con *Manuel Silva*, fillo de Joaquín e María, tiveron a *Manuel Juan*, bautizado o 2 de outubro de 1832 e falecido o 6 de xuño de 1835, e *Manuela Silva Gambino*, bautizada o 9 de xuño de 1836.
 - b. *Ramón Francisco María Gambino Gómez*, nacido o 11 de xaneiro de 1819, casou con *Andrea Ponte García*. Fixo testamento ante Antonio María Mareque, notario de Ponteulla e morreu o 12 de agosto de 1892. Tiveron unha filla, M^a *Manuela Gambino Ponte*, que morreu aos 6 anos de varíola.
 - c. *José Gambino Gómez*, bautizado o 24 de xaneiro de 1820.
 - d. *Josefa Gambino Gómez*, bautizada o 15 de setembro de 1823.

- e. *Roque Gambino Gómez*, de 16 de agosto de 1825 a 29 de agosto de 1826.
 - f. *Josefa*, bautizada o 9 de outubro de 1827. Morreu solteira o 11/10/60.
 - g. *María Gambino Gómez*, bautizada o 7 de maio de 1829.
 - h. *José Gambino Gómez*, bautizado o 2 de outubro de 1833. Vivía no lugar de Granxa e morreu solteiro o 15 de novembro de 1891.
- E. *María Gambino Gómez*, bautizada o 16 de xullo de 1803.
- F. *Josefa Gambino Gómez*, bautizada o 16 de decembro de 1806.

Fontes e bibliografía

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. A CORUÑA

ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

REXISTRO CIVIL DE A ESTRADA


ÁLVARO, M. *José Gambino (1719-1772)*, edit. Galaxia, Vigo, 1997.

LÓPEZ CALDERÓN, M. *Lenguaje, estilo y modo en la escultura de Francisco de Moure y José Gambino*, edit. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de C., 2009

LÓPEZ CALDERÓN, M. <http://josegambino.com/>


Aportacións directas de membros da familia: M^a Esther Espiño, David Iglesias e Domingo López Gambino, a quen damos grazas.

Esquema 1




(= : matrimonio)

Esquema 2



(= : matrimonio)

Esquema 3



(= : matrimonio)

Esquema 4

